

# *Resolución Concurso Internacional de Relatos*



## *II Ano Santo do Terceiro Milenio*



*Pousadas de Compostela*

O 24 de xullo de 2010 resolveuse en Santiago o Concurso Internacional de Relato "Pousadas de Compostela". O relato gañador, premiado con 3.000 €, foi *O Despacho de Molly Bloom* de Inma López Silva, escollido polo atinado mantemento da tensión narrativa, o sentido do humor e o esmerado coidado da lingua. O relato finalista, premiado con 1.000€, foi *Codex Calixtinus* de María Carmen Simón Martínez.

O xurado estivo composto por Luís Manuel García Mañá, Xosé Luís Barreiro Rivas, John Rutherford, Gonzalo Navaza e Luz Méndez. John Rutherford é profesor emérito do Queens College da Universidade de Oxford e Académico de honra da Real Academia Galega. Traduciu ao inglés *O Quixote* e *La Regenta* e diversos títulos de literatura galega. Xosé Luís Barreiro Rivas é profesor de Ciencia Política e articulista. Foi vicepresidente da Xunta de Galicia e é autor dunha ducia de obras, a maioría ensaios e libros de entrevistas. Luís Manuel García Mañá é Xefe Superior de Policía de Galicia, ensaísta, autor de varios libros sobre a historia do Couto Mixto e novelista. Gonzalo Navaza é profesor da Universidade de Vigo, tradutor e escritor, faceta pola que recibiu o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón de Poesía, o Martín Codax e o Premio da Crítica Española. Luz Méndez foi profesora asociada da Universidade de Vigo, asesora lingüística da Televisión de Galicia desde 1989 e escritora.



*Pousadas de Compostela*  
Rúa Virxe da Cerca, 27  
15703 - Santiago de Compostela  
[www.pousadasdecompostela.com](http://www.pousadasdecompostela.com)  
[info@pousadasdecompostela.com](mailto:info@pousadasdecompostela.com)  
Tfono: 981569350

### *Hoteis con encanto en Santiago de Compostela*

*Hotel Virxe da Cerca\*\*\*\**  
*Hotel Pombal\*\*\**  
*Hotel Airas Nunes\*\**  
*Hotel San Clemente\*\**

*Hoteis Monumento*  
*Hotel Mosteiro de Aciveiro\*\*\**  
*Hotel Pazo de Lestrove\*\*\*\**

*Turismo Rural*  
*Vivendas vacacionais de Sestelo (a 8 kms.  
de Santiago)*

*Restaurantes*  
*O Picho da Cerca*  
*Porta Faxeira*